



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
I.E.S. TERRA DE TRASANCOS

Camiño Real s/n
15570 Narón (A Coruña)
Tlf.: 981380033 Fax: 981380092
e-mail: ies.terra.trasancos@edu.xunta.es
web: www.edu.xunta.es/centros/iesterratrasancos

IES TERRA DE TRASANCOS PROXECTO LINGÜÍSTICO

PRINCIPIOS IDEOLÓXICOS QUE INFORMAN O NOSO PROXECTO LINGÜÍSTICO

1. Unha das características máis importantes do ser humano é a linguaxe porque, por medio desta creación cultural, as persoas expresan as súas ideas, emocións e sentimentos
2. Toda comunidade aspira a que os seus membros coñezan e aprendan a súa lingua, porque a través dela cada persoa mostra a súa personalidade e a da comunidade á que pertence.
3. Tódalas linguas, pois, son de igual importancia. Ningunha lingua por maioritaria que sexa é máis importante que outra.
4. Asistimos actualmente a un empobrecemento da linguaxe oral e escrita nunha civilización na que a linguaxe exclusivamente visual acadou un uso desmesurado.
5. Debemos, polo tanto, cultivar as destrezas de falar, escoitar, ler e escribir.
6. De igual maneira hai que despertar e cultivar o interese pola lectura comprensiva que desenvolverá o resto das habilidades e destrezas da linguaxe
7. En canto á Lingua Española o noso obxectivo é a consideración dela como lingua común de tódolos españois que nos permite comunicarnos dentro da Comunidade Lingüística Hispano-falante
8. En canto á Lingua Galega, a idea que nos guía é a súa consideración como lingua propia de Galicia e o obxectivo que perseguimos é superación do prexuízo de inferioridade que naceu da asociación do galego coa pertenza ás clases sociais subalternas.
9. **A Unión Europea aspira a que os seus habitantes falen, ademais da súa lingua nativa, dúas linguas máis dalgúns dos países membros.**
10. **O noso obxectivo principal é o de conseguir o uso normal do galego e do castelán e o dominio no uso do francés e do inglés. As linguas suman. O dominio dunha lingua sempre favorece a aprendizaxe de novas linguas ou idiomas.**

Elaboramos este proxecto lingüístico de acordo co artigo 14 do decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG de 25 de maio) que indica que “cada centro, dentro do seu proxecto educativo elaborará o seu proxecto lingüístico cada catro cursos escolares, no cal fará constar:

- a) A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de secundaria obrigatoria e bacharelato.
- b) As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
- c) Os procedementos que aseguren que o alumnado de formación profesional acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.
- d) Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.



	LINGUAS			
	1ºXAD	1ºADFI	2ºADFI	2ºEECO
AP. INF.	G	G		
CONTAB.	C	C		
RR. HH.		C		
X. APRO		G		
X. FINANC.		G		
FOL	G		G	
ADM. PÚBL.	C		C	
PROD.	C		C	
X. COMPRAV.	G			
X. PERSOAL	C			
COM. ARQ. OP.	G			
AUDITORÍA			C	
X. COM.			C	
PROX.INTE.			G	
PROX.EMPRE			G	
AD. X. PYME				
EL. XERAL				
EL. DIXITAL				
INST. BÁS.				
RET				
S. EL. INFOR.				
CALIDADE				C
EQ. IMAXE				G
EQ. SON				G
EQ. MICROIN				C
	PCPI			
COM.-DIXITAL	G			
SOC.- CIDAD.	G			
CIENT.-MAT.	C			
IN.PERS.-REL.LAB	G			
INS.TELEC.	C			
INST.ELEC.DOMÓT.	G			

2.-Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.

No centro non temos alumnos que non poidan seguir as ensinanzas impartidas por non ter suficiente dominio das linguas.

Se tivéssemos alumnos nestas circunstancias as medidas a seguir serían:

Recibir apoio fora da aula por profesorado especializado.

Aplicación dun plan de traballo específico para o alumnado que o precise, elaborado polos departamentos de linguas.

3.-O procedementos que aseguren que o alumnado de formación profesional acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.

Para garantir que o alumnado acade a competencia lingüística nas dúas linguas o profesorado indicará nos dous idiomas os termos específicos da materia obxecto de estudo.

As materias (módulos) impartidas na formación profesional son, na maioría dos casos, materias con moita carga horaria o que fai máis difícil o reparto de horas dedicadas a cada unha das linguas polo que, as decisións que aparecen no punto 1 son orientativas e se se detectase alumnado que non acadase a competencia lingüística propia do nivel poderase incrementar o número de horas na lingua na que se detecte o problema.

Debemos ter en conta, ademais, que non hai libros en galego para os módulos de formación profesional que se imparten no centro.

4.-Obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.

4.1.-Obxectivos xerais:

-Cumprir a normativa legal vixente.

-Tentar superar os prexuízos existentes cara á lingua galega.

-Fomentar o uso da lingua galega tanto oral coma escrita.

-Apreciar a lingua galega como vehículo de comunicación na vida social.

-Valorar o patrimonio histórico, cultural, artístico e lingüístico de Galicia, como ben común que debemos respectar e transmitir ás xeracións futuras.

4.2.-Liñas de actuación:

-Potenciar o uso da lingua oral con charlas, exposicións, concursos,...

-Ampliar a dotación de material da biblioteca do centro e das bibliotecas de aula de textos e material audiovisual en galego.

-Edición, publicación de tódolos materias feitos en galego, textos escritos, cómics,...

-O EDLG (equipo de dinamización lingüística) participará na organización escolar elaborando propostas que afecten ao conxunto do centro.

-Todos os estamentos educativos atenderán nas súas actuacións á potenciación da lingua galega.

-Nas relacións administrativas empregarase o galego. Tanto nas relacións externas como internas e ben sexan dirixidas a particulares ou colectivos e independentemente do seu carácter oral ou escrito.

-O profesorado velará polo cumprimento da lexislación vixente.

-Na realización de actividades extraescolares e complementarias dirixidas a toda a comunidade educativa empregarase a lingua galega.

-A documentación oficial, programacións didácticas,...redactarase en lingua galega.

-Ao profesorado non galegofalante animarase a facer uso progresivo da nosa lingua.

-Subscricións a xornais e revistas en galego.

-Uso de estratexias para que o alumnado que presente algunha dificultade no emprego da nosa lingua se decida a empregala.

-Poñerase ao alumnado en contacto coas raíces culturais de Galicia:

.-Divulgando a celebración de diferentes actos que supoñan unha clara inmersión na nosa realidade social, histórica, literaria,...co fin de que a comunidade escolar asistan a eles e, posteriormente, comentar o contido nas aulas.

.-Dando a coñecer feitos históricos, xeográficos, etnográficos, económicos,..da contorna máis próxima.

.-Espertando a curiosidade do alumnado por coñecer máis sobre o seu propio pobo.

.-Suxerindo lecturas voluntarias sobre temas da nosa realidade cultural.

.-Empregando as novas tecnoloxías para difundir a nosa cultura e para desenvolver temas que dean a coñecer o noso mundo.

.-Integrando aos poucos alumnos que teñen exención en Lingua Galega traballando de xeito gradual con material adaptado aos seus progresos.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
I.E.S. TERRA DE TRASANCOS

Camíño Real s/n
15570 Narón (A Coruña)
Tlf.: 981380033 Fax: 981380092
e-mail: ies.terra.trasancos@edu.xunta.es
web: www.edu.xunta.es/centros/iesterratrasancos

IES TERRA DE TRASANCOS ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo (DOG de 25 de maio) indica no apartado 4 do artigo 14 que: “anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

1.-Cando haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.

2.-Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte”.

1.-Modificación na impartición de materias en linguas estranxeiras.

Non hai ningunha modificación respecto do curso anterior.

2.-Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.

2.1.-Información e valoración dos programas de actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro no curso 2010-2011.

Atendendo ás actividades que dende o EDNL nos propuxemos levar a cabo durante o curso 2010-2011 faremos un percorrido polas mesmas, na orde en que se realizaron:

EDICIÓNS:

O EDLG valorou a conveniencia de publicar un novo número da revista do centro **O OURIZO** que tradicionalmente se viña facendo cada curso escolar. Argumentos en contra eran o elevado custo da publicación, que supera en cerca do dobre a asignación coa que contou neste curso este EDLG (617 €), así como a falla dunha óptima integración de tódolos departamentos do centro no labor de realizar a revista. Por estas razóns decidiuse a non publicación de O OURIZO.

Por igual argumento de falla de medios económicos quedou sen facer o **CALENDARIO** previsto que sería creado polo propio alumnado e imprimido nunha imprenta comercial. Valoramos a posibilidade de facelo o próximo curso 2011-12 no propio centro cos medios informáticos e de impresión dos que dispoñemos.

TABOLEIRO INFORMATIVO: Instalouse un taboleiro informativo propio do EDLG no vestíbulo do centro. Falamos da posibilidade de instalar no próximo curso e no citado vestíbulo un **LETREIRO LUMINOSO** cunha pantalla multilínea que son eficaces medios de comunicación e cun prezo arredor dos 700 euros.

ACTIVIDADES DE EXPRESIÓN ORAL:

Participamos nas distintas modalidades que se contemplan nas bases do **XXII CERTAME INTERCENTROS** do Concello de Narón. (Adxuntamos as bases).

Este Certame cumpre dúas importantes finalidades: por unha parte, é o lugar de encontro de tódolos centros de ensino do Concello de Narón arredor do Día das Letras Galegas, e por outra parte é un lugar de especial importancia na afirmación da nosa lingua.

No Certame deste ano conseguimos unha boa participación do alumnado do Centro, en especial, na modalidade de Ex. Oral, conseguindo tres primeiros premios.

Como continuación do Certame Intercentros participamos no Concurso de **EX. ORAL “Tíralle da lingua”** que a Asociación Sociopedagóxica Galega organiza cada ano en Compostela. É un lugar de interese particular para o noso alumnado porque non só presentan o seu propio traballo senón que ven e escoitan o traballo oral de rapaces e rapazas de toda Galicia, coñecendo as distintas variedades do noso idioma. Este ano conseguiu un Primeiro Premio o alumno do noso centro Fiz Patiño Rubal (na foto) cun magnífico monólogo que representa un bo exemplo para o resto do alumnado do centro.

Continuamos neste curso cunha actividade fundamental como é o COMENTARIO DE PRENSA que se fai nas clases de galego. Usando o único diario en galego que se publicaba, o **GALICIA HOXE**, ó que o noso centro estaba suscrito desde hai anos, o alumnado lía e recollía as noticias máis sobresalientes para despois comunicalas de maneira oral ó resto do alumnado o que tamén servía para comentar diversos temas de actualidade.

Vimos de coñecer, con grande pesar, a noticia de que o GALICIA HOXE deixou de publicarse recentemente.

Aínda que no noso proxecto non figuraban actividades relacionadas co proxecto informático ABALAR debemos destacar a imperiosa necesidade de abordar a normalización e dinamización do galego en relación coas novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

Debemos aquí lembrar que o V Seminario de Dinamización Lingüística no Ensino celebrado en Ferrol, no maio de 2010, estivo dedicado ás TIC.

No Proxecto do próximo curso este será un punto fundamental a contemplar para aproveitar de maneira óptima os recursos aportados polo Proxecto Abalar.

Charlas e conferencias:

Non se desenvolveron todas as actividades previstas neste apartado, principalmente pola imposibilidade de cadrar cos relatores a organización das charlas.

En cambio, en colaboración coa Biblioteca do Centro, e sen estar prevista no Proxecto celebrouse a charla do escritor Santiago Jaureguizar, sobre a súa obra “A COROA DE NAPOLEÓN” que os rapaces e rapazas de segundo de ESO xa tiñan lida con antelación.

Insistiremos para o próximo curso na necesidade de traer persoas de valía que poidan disertar en galego sobre temas concretos e previamente acordados.

É unha mágoa que aínda non puidésemos chegar plenamente coas actividades do EDLG ó alumnado dos Ciclos de Xestión Administrativa e de Administración e Finanzas. Aquí temos un obxectivo fundamental para os próximos cursos: a presenza de persoas galego-falantes e relacionadas co mundo empresarial que poidan servir de guías para o alumnado destes Ciclos.

Dotación da Biblioteca do Centro:

Continuouse coa dotación de fondos á Biblioteca do Centro, aínda que obras como a Enciclopedia Galega, da que se mercaron dous tomos neste curso , non teñen actualmente unha boa utilidade.

Actualmente estamos traballando no PLAN LECTOR para o curso 2011-12 no que o EDLG ten moito que ver na selección de títulos e autores así como nas actividades que se vaian levar a cabo.

Datas Significativas:

Celebráronse as datas máis significativas previstas no Proxecto:

17 DE MAIO; DIA DAS LETRAS GALEGAS: Fixéronse distintas actividades arredor da figura do poeta monfortino Lois Pereiro. Foron de especial utilidade os carteis remitidos pola Consellería de Educación sobre a biografía do poeta.

O ENTROIDO, que aínda que non teña unha vertente lingüística e dinamizadora importante débese festexar e conservar.

8 DE MARZO: DIA DA MULLER TRABALLADORA, centrado neste curso nos problemas das mulleres inmigrantes e que transcorreu en castelán na súa totalidade.

2.2.-Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega que se van desenvolver no curso 2011-2012.

Para o presente curso propónse o seguinte conxunto de actividades que se levarán a cabo tendo en conta que:

.A lingua galega estará presente en todos os aspectos da vida do centro.

-Que se fomentará a creación de actitudes positivas cara a lingua galega.

Coas actividades propostas preténdese contribuír, na medida do posible, á tarefa de fomento e dinamización da lingua galega na comunidade educativa procurando:

-abranguer tanto o apartado oral como o escrito.

-implicar ao maior número de profesorado, pais, nais, alumnado e persoal non docente na súa realización.

-chegar aos distintos niveis educativos seleccionando as actividades segundo a súa idade.

EDICIÓNS:

PUBLICACION DO NÚMERO OITO DA REVISTA DO CENTRO “O OURIZO”

A revista anual “O OURIZO” é o medio de comunicación e de expresión, escrita en galego, da Comunidade educativa do noso Instituto. Corresponde neste curso elaborar o número sete.

A participación de tódolos sectores da Comunidade Educativa, a súa distribución entre todo o alumnado e centros do Concello, fan desta actividade unha das principais do ENDL.

A revista do presente curso 2011-12 confeccionarase en colaboración co Departamento de Artes Gráficas do IES LEIXA.

EDICIÓN DUN CALENDARIO de mesa do CURSO 2011-12.

Farase mediante un concurso entre o alumnado do centro en colaboración co Departamento de Plástica e Debuxo. O seu contido será alusivo á lingua galega. O calendario figurará nas clases do Centro.

INAUGURACIÓN DUN TAOLEIRO INFORMATIVO

Para uso propio das edicións do EDLG, estará situado no vestíbulo do Centro.

CHARLAS E CONFERENCIAS

1. “O uso da lingua galega nas empresas”

Esta charla-coloquio está destinada ó alumnado dos Ciclos Medio e Superior de Xestión Administrativa e Administración e Finanzas e ó alumnado do Ciclo de Electrónica Industrial. A persoa que a impartirá aínda está por determinar. A celebrar no mes de Febreiro en colaboración co Departamento de Administrativo.

2. “O comic galego na actualidade”

Destinada ó alumnado de ESO, e impartida polo debuxante Xaquín Marín. Esta exposición irá acompañada dunha presentación audiovisual e complementase cunha visita ó Museo do Humor de Fene que dirixe o citado debuxante.

3. “Inauguración dunha exposición de Xaquín Marín”

Xaquín Marín é un debuxante recoñecido polos seus cómics e a súa viñeta diaria da Voz de Galicia así como polos seus debuxos alusivos á situación da lingua galega.

4. “A mocidade de Narón”

Charla que dará a Concelleira da Mocidade do Concello de Narón, Natalia Hermida Rico destinada ó alumnado de Bacharelato.

CONCURSOS

1. PARTICIPACIÓN DO XXIII CERTAME INTERCENTROS DO CONCELLO DE NARÓN.

Neste Certame participan a totalidade dos centros Públicos do Concello. A organización establécese de forma rotatoria entre os distintos centros. O seu obxectivo é impulsar o uso da Lingua galega e os actos principais celébranse arredor do 17 de Maio, Día das Letras Galegas. Este Certame constitúe o momento de máximo encontro e colaboración dos Centros de Narón a prol da potenciación do Galego e a participación do alumnado, tanto do noso centro, coma dos outros centros do Concello é moi alta.

Os gastos desta actividade, son sufragados na súa totalidade polo Concello de Narón

2. PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE EX. ORAL “TIRALLE DA LINGUA”

“Tíralle da lingua” é unha actividade, organizada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega co apoio do Concello de Santiago, dirixida á comunidade escolar coa finalidade de impulsar o uso oral do galego entre a xente nova. Consta de dúas partes: unhas xornadas de comunicación oral dirixidas ó profesorado e o concurso de relato oral dirixido ó alumnado.

O concurso acaba coa presentación dos relatos no Teatro Principal de Compostela, no mes de maio.

DATAS SIGNIFICATIVAS

1. CELEBRACIÓN DO ENTROIDO:

Trátase dunha actividade anual e tradicional no noso centro. A organización corre a cargo do EDLG e do Departamento de Música en colaboración cun grupo de alumnos. A participación do alumnado é moi alta e consiste tanto na participación en disfraces individuais ou en comparsas como na elaboración de coplas con letras do tempo de ENTROIDO. Neste curso imos potenciar a participación dos pais e nais do alumnado en colaboración coa ANPA do centro.

2. CONMEMORACIÓN DO 8 DE MARZO: DIA INTERNACIONAL DA MULLER

Para o ENDL é moi importante que se faga esta conmemoración e que se faga en galego. Os actos a celebrar consisten na elaboración dun comunicado para ser lido en tódalas aulas do Centro, nunha exposición no vestíbulo do centro, e na celebración dunha charla para o alumnado a cargo de mulleres de recoñecido prestixio. Solicitarase a colaboración do Servicio Galego de Igualdade da Xunta de Galicia. Esta conmemoración está organizada pola Vicedirección e o ENDL.

Os gastos desta actividade consisten na montaxe da exposición con paneis rotulados e plastificados, e do pago á conferenciante, ou noutro caso, dun obsequio do Centro

3. SEMANA DAS LETRAS GALEGAS

O Día das Letras Galegas, está dedicado este ano a Valentín Paz Andrade. Durante esta semana terán lugar unha exposición sobre o homenaxeado e outras actividade aínda por concretar: Teatro, Recital de poesía.

ADDENDA Ó PROXECTO LINGÜÍSTICO

En reunión celebrada polo profesorado que a continuación se cita:

Mercedes Santalla (Dpto. Linguas Clásicas)

Belén García (Dpto. Lingua Española)

Braulio Rodríguez (Dpto. Lingua Galega)

coa finalidade de confeccionar unha ADDENDA para o PROXECTO LINGÜÍSTICO do presente curso 2012-13:

Pensamos en posibles actividades que relacionen e integren as distintas linguas que no centro se imparten e, xa máis en concreto, acordouse na próxima celebración do CIRCUITO DE NADAL dunha proba conxunta que relacione as linguas citadas.

Así mesmo, examinouse e deuselle aprobación ó PLAN DE ACTIVIDADES do EDLG para o curso actual e que resumimos a continuación:

EDICIÓNS:

EDICION DIXITAL con enlace na web edu.xunta.es/centros/iesterratrasancos de “O OURIZO”, revista da comunidade educativa

INSTALACIÓN DUN TAOLEIRO INFORMATIVO ELECTRONICO.

CHARLAS E CONFERENCIAS

1. “O uso da lingua galega nas empresas”
2. “O comic galego na actualidade”
3. “A mocidade de Narón”

CONCURSO

1. PARTICIPACIÓN DO XXIV CERTAME INTERCENTROS DO CONCELLO DE NARÓN.

2. PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE EX. ORAL “TIRALLE DA LINGUA”

DATAS SIGNIFICATIVAS

1. CELEBRACIÓN DO ENTROIDO:
2. CONMEMORACIÓN DO 8 DE MARZO: DIA INTERNACIONAL DA MULLER
3. SEMANA DAS LETRAS GALEGAS

ADDENDA Ó PROXECTO LINGÜÍSTICO CURSO

Na reunión celebrada o pasado día 8 de outubro de 2013 polo profesorado que a continuación se cita:

Mercedes Santalla (Dpto. Linguas Clásicas)
Belén García (Dpto. Lingua Española)
Braulio Rodríguez (Dpto. Lingua Galega e Responsable do EDLG)

coa finalidade de confeccionar unha ADDENDA para o PROXECTO LINGÜÍSTICO do presente curso 2013-14:

- Comentamos a dificultade de levar a cabo actividades integradoras das catro linguas que no centro se imparten.
- A pesar desta dificultade somos conscientes da necesidade desta integración polo que acordamos pensar en posibles actividades para poder levalas a cabo no presente ou en próximos cursos.

Máis en concreto e para realizar no presente curso 2013-14 acordamos:

- 1.- Facer unha EDICION DIXITAL con enlace na web edu.xunta.es/centros/iesterratrasancos. dunha publicación que recolla traballos, reseñas, artigos... nas catro linguas. Para esta actividade requirírase unha colaboración ós distintos departamentos lingüísticos.
- 2.- Instalación no vestíbulo do Centro dun taboleiro informativo electrónico que transmita informacións plurilingües.
- 3.- Examinar o conxunto das actividades contempladas no Plan de Centro para ver a posibilidade de facelas (todas ou en parte) nos catro idiomas. Exemplo: A Exposición de Repostería pode ser unha boa actividade para elaborar por escrito as receitas en distintas linguas.
- 4.- Tamén o CIRCUITO DE NADAL, pode ser tamén unha boa posibilidade para facer probas baixo unha premisa de integración lingüística.

Narón, 10 de outubro de 2014